



ESTADÍAS PREDOUTORAIS INDITEX-UDC 2021

Novo prazo para a realización das estadías

A situación derivada da COVID-19 e a imprevisible evolución da pandemia no ámbito internacional dificultan en gran medida a realización das estadías no prazo establecido na **Resolución definitiva das axudas para estadías predoutorais Inditex-UDC 2021**, publicada o 14 de abril de 2021.

Neste sentido, a EIDUDC ven recibindo solicitudes dunha ampliación do citado prazo que facilite o máis posible a realización da estadía.

Porén, esta ampliación debe conciliarse coa xestión dos trámites administrativos e económicos tras o remate da estadía, contando para iso co período necesario para que se poida garantir que o alumnado perciba o 30% restante da axuda concedida.

En consecuencia, esta vicerreitoría

RESOLVE:

1. Ampliar o prazo de realización da estadía ata o **30 de setembro de 2022**.
2. Establecer como data máxima do cumprimento da obriga referida no punto 10.e. da convocatoria (entrega da seguinte documentación: Informe do traballo realizado na estadía; certificado da estadía emitido polo/a representante legal da institución ou centro de destino; certificado de gastos, no caso de se complementaren os custos da estadía con cargo a proxectos ou outros o fondos de investigación) o **14 de outubro de 2022**.

No caso de non cumprir con esta obriga no prazo establecido, perderase o dereito a percibir o 30% da axuda concedida.

A vicerreitora de Planificación Académica e Innovación Docente

Asdo.: Nancy Vázquez Veiga

Código Seguro De Verificación	9jnJ6kEXQx5Hru/+wx1DTA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Nancy Josefina Vázquez Veiga - Vicerr. de Planificación Académica e Innovación Docente	Asinado	13/07/2021 10:31:11
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/9jnJ6kEXQx5Hru/+wx1DTA==		

